

[•Orde do 24 de marzo de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas destinadas ao sector equino para o seu fomento e desenvolvemento, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e se convocan no ano 2010.](#)

Poderán ser beneficiarios das axudas os titulares de pequenas e medianas empresas agrarias equinas ou explotacións agrarias destinadas á produción e cría de équidos que cumpran cos seguintes requisitos:

- a) Estaren inscritas no Rexistro de Explotacións Gandeiras, así como dispor do correspondente libro de explotación actualizado que se estableza regulamentariamente para os équidos e identificar os seus animais conforme a normativa vixente.
- b) Acreditar estar ao corrente das obrigas fiscais e coa Seguridade Social que correspondan.
- c) Presentar unha memoria técnica elaborada por un titulado universitario en disciplina de contido agrario ou biolóxico na que se expoña o conxunto do proxecto, a suficiencia para a viabilidade económica da explotación, a repercusión deste no medio onde se desenvolva, así como a xustificación, se é o caso, da existencia no proxecto de varios criterios obxectivos de prelación recollidos no punto 2 do artigo 25º.

As liñas de axuda serán as seguintes:

- a) Axudas aos investimentos en pequenas e medianas empresas equinas ou explotacións agrarias equinas dedicadas á produción e cría de équidos.
- b) Axudas ás asociacións e agrupacións de pequenos e medianos produtores de équidos.
- c) Axudas aos investimentos en pequenas e medianas empresas agrarias equinas dedicadas á transformación e comercialización de carne de cabalo.
- d) Axudas ás pequenas e medianas empresas non agrarias e outras institucións.
- e) Axudas á formación.

As actividades obxecto de subvención deberán realizarse con posterioridade á presentación da solicitude.

Quedan excluídas do ámbito de aplicación desta orde, as actividades das instalacións equinas non comerciais.

*Solicitudes e prazo de presentación: ata o 30 de abril de 2010.*